

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 1 DE DECEMBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20.00 do día un de decembro de dous mil catorce, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D^a. Ana Ledo Fernandez

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- PROPOSTA TOMA DE POSESIÓN NOVA CONCELLEIRA D^a SILVIA MOSTEIRO MONTERROSO

Pola Secretaria dase lecuta á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

<<PROPOSTA TOMA POSESIÓN NOVA CONCELLEIRA, DNA. SILVIA MOSTEIRO MONTERROSO

Vista a credencial de Concelleira expedida polo Presidente da Xunta Electoral Central, en data 27/10/2014 a favor de Dna. Silvia Mosteiro Monterroso, en substitución de D. José Ignacio Portos Vázquez, por renuncia do mesmo a Dito cargo.

Formulouse pola designada a preceptiva declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como a declaración de bens patrimoniais, de conformidade co preceptuado no art. 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen que exista causa algunha de incompatibilidade ou impedimento, a teor do disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral, para adquirir a plena condición de concelleira.

Na súa virtude, ao Pleno PROPOÑO que proceda a dar posesión do cargo de Concelleira a Dna. Silvia Mosteiro Monterroso, previo xuramento do mesmo, de conformidade coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, cumpríndose así os requisitos legalmente establecidos para tomar posesión.

En Boimorto o 27 de novembro de 2014

A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

A continuación a Alcaldía pregunta á D^a Silvia Mosteiro Monterroso:

¿Xuras ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Boimorto con lealtade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

O que resposta coa mao na Constitución que si promete.

O Pleno queda constituído e continúa con 11 concelleiros de novo tras a toma de posesión desta nova concelleira.

2.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC 26/2014 SUBEXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 6/2014

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA O PLENO EXTRAORDINARIO MUNICIPAL DE 1/12/2014

Visto o informe de secretaria intervención que consta no expediente de data 27/11/2014 en relación coa transferencia de créditos 6/2014 ,polo presente solicito o Pleno municipal que aprrobe o tratamento deste punto sen dictaminar pola Comisión informativa permanente especial de contas sendo necesaria a dotación de determinadas partidas con máis crédito para facer fronte a gastos ata 31/12/2014. (`POR UNANIMIDADE CON 11 VOTOS A FAVOR 5 DOS CONCELEIROS DO PSDG-PSOE, CINCO DOS CONCELEIROS DO PP E UN DO CONCELEIRO DO GRUPO MIXTO ACEPTASE POLO PLENO O TRATAMENTO DESTE PUNTO DA ORDE DO DIA SEN DICTAMINAR).

Visto que hai créditos de alto cargo dedicación parcial sen utilizar así como de peón de recollida de lixo vacante e necesidades de dotación de crédito en partidas mermadas o final de ano.

Esta Alcaldía propón que o Pleno municipal aprrobe o seguinte **ACORDO** :

PRIMEIRO .- Aproba-la modificación de crédito transferencia de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
43022706	Adminsitración comercio turismo promoción enconómica contratacións	+11.400€
33022699	Cultura outros gastos	+2.500
92022799	Adminsitración xeral contratacións	+2.500
	TOTAL EN AUMENTO	+16.400 €

En disminución:

PARTIDAS EN DISMINUCION		
Partida Presupostaria		Importe Euros
912.10000	Administración Xeral altos cargos	-7.400€
912.16000	Administración xeral altos cargos seguridade social	-4.000€
16213000	Benestar comunitario recollida de lixo persoal laboral fixo	-5.000€
	TOTAL DISMINUCION	-16.400€

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública .

Boimorto 27/11/2014

A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>

A continuación explica a Alcaldía as necesidades a cubrir en partidas necesitadas por gastos en Magreco, albergue con máis custes de mantemento, rede cultural, excursións... e en administración xeral.

Sen máis intervencións con 6 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e con 5 abstencións dos 5 concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno por maioría **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aproba-la modificación de crédito transferencia de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
43022706	Administración comercio turismo promoción económica contratacións	+11.400€
33022699	Cultura outros gastos	+2.500
92022799	Administración xeral contratacións	+2.500
	TOTAL EN AUMENTO	+16.400 €

En disminución:

PARTIDAS EN DISMINUCION		
Partida Presupostaria		Importe Euros
912.10000	Administración Xeral altos cargos	-7.400€
912.16000	Administración xeral altos cargos seguridade social	-4.000€
16213000	Benestar comunitario recollida de lixo persoal laboral fixo	-5.000€
	TOTAL DISMINUCION	-16.400€

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

3.- PROPOSTA NOMEAMENTO REPRESENTANTE NO CONSELLO ESCOLAR

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR.

Visto escrito con rexistro de entrada número 2530 de data 18/11/2014 no que se solicita pola presidencia do Consello escolar que o Concello designe representante para formar parte deste Consello Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Designar a D. Xosé Luis Rivas Cruz como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar a Alcaldesa Presidenta para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

Boimorto 27 de novembro de 2014
A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>

Sen máis intervención por maioría con cinco votos a favor dos cinco concelleiros do grupo municipal do PSDG-PSOE, e 6 abstencións unha do concelleiro do grupo mixto e 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Designar a D. Xosé Luis Rivas Cruz como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar a Alcaldesa Presidenta para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 20:08 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez